



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO PROGRAMA 'NATURACCIÓN'

En Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo con o seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 138/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Da outra, don Santiago Pérez Otero, apoderado da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, con CIF G-15620651, domiciliada na avenida da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón - 15143 - Arteixo- A Coruña, que actúa en nome e representación desta entidade a teor das facultades que lle outorgan os poderes conferidos en virtude de escritura pública autorizada polo notario da Coruña D. Francisco Manuel Ordóñez Armán, o 24 de febreiro de 2011, baixo o número 497 do seu protocolo.

EXPOÑEN

- I. A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, recolle nos seus artigos 102, 104, 105 e 106 o compromiso das administracións educativas na planificación da

formación permanente do profesorado e no fomento das actividades de investigación e innovación, garantindo unha oferta diversificada e gratuíta e establecendo as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado.

- II. No ámbito da Administración autonómica de Galicia, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, a Consellería) é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción de proxectos de investigación e innovación educativa. Para este efecto, así como para poder actuar en todos os ámbitos sociais, debe colaborar, na medida do posible, coas diversas institucións e entidades que operan dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Consellería recolle, transversalmente, nos currículos das diferentes ensinanzas a educación ambiental.

- III. A Consellería recibiu unha achega económica da Fundación Alcoa, por importe de 50.000\$ (42.290,45€) para a realización do proxecto de conservación e defensa do medio ambiente na provincia de Lugo, en particular na área de influencia da Mariña lucense, denominado "Naturacción".
- IV. A Fundación Alcoa, o ente social do grupo alumínico Alcoa, é unha organización que se sustenta con fondos propios. Foi creada en Pittsburgh (Pennsylvania - EEUU) no ano 1959 e en España comezou as súas actividades en 1999. O seu obxectivo é a mellora da calidade de vida nas comunidades nas que Alcoa desenvolve as súas actividades. A Fundación Alcoa apoia numerosos proxectos e iniciativas con achegas substanciais, particularmente nas áreas de educación e formación de mozos/as, saúde e seguridade da familia, cidadáns con necesidades especiais e preocupación polo medio ambiente.
- V. A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre (en diante, a Fundación) é unha entidade sen ánimo de lucro, en beneficio da poboación, cultura, docencia e demais intereses xerais de Galicia, acollida aos beneficios fiscais da Lei



49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

De acordo co establecido nos seus estatutos, ten, entre outros, os seguintes fins:

- A promoción e o desenvolvemento de actividades de conservación e coidado do medio ambiente.
- Promover, fomentar e soste total ou parcialmente a defensa do patrimonio ecolóxico e o seu coñecemento, a través dos medios de comunicación social.

A Fundación vén desenvolvendo desde o curso 1997/98 o programa Voz Natura, que ten como obxectivo implicar a comunidade escolar de Galicia na recuperación e defensa da natureza da nosa terra.

O proxecto que presenta a Fundación é único, e a singularidade e características das actividades que se van desenvolver ao abeiro deste convenio na actualidade só as realiza a Fundación, polo que non resulta posible promover a concorrência pública para a súa realización.

A Consellería e a Fundación manifestan a súa vontade de asinar un convenio de colaboración durante o curso 2025/26, coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, e a Fundación para a posta en marcha do programa Naturacción, dirixido a todo o alumnado de educación infantil, educación primaria, educación secundaria, educación especial e formación profesional da provincia de Lugo, en particular da Mariña lucense e a súa área de influencia, promovendo o desenvolvemento de proxectos de innovación ambiental interdisciplinarios en todos



os centros participantes, sobre temáticas relacionadas coa recuperación e a protección do medio ambiente.

Esta iniciativa desenvolverase de forma conxunta pola Consellería e a Fundación como un programa paralelo e complementario de Voz Natura, programa Naturacción; as actuacións que se desenvolverán descríbense na cláusula segunda.

Desde o punto de vista operativo, as partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a desenvolver un programa de innovación educativa no ámbito da educación ambiental entre o alumnado non universitario da provincia de Lugo, en particular da zona de influencia da comarca da Mariña lucense.

No programa participan tanto centros públicos como privados. A Consellería financia os públicos, mentres que a Fundación financia os privados e os municipais.

A solicitude de participación realízase a través dun formulario de inscrición aloxado na web do programa Voz Natura (www.voznatura.es).

Segunda. Desenvolvemento do programa

a) O programa baséase na execución de proxectos ambientais relacionados coa recuperación e protección do medio ambiente na provincia de Lugo, en particular na área de influencia da Mariña lucense.

b) As accións ambientais que se realizan durante o curso escolar son coordinadas polo profesorado. A participación do resto da comunidade educativa (familias, asociacións, entidades locais, etc.) realízase voluntariamente, involucrándose nas actividades medioambientais que parten dos centros educativos.

c) Os proxectos que se desenvolverán nos centros educativos versarán sobre:

- Os traballos de recuperación das zonas degradadas.
- A limpeza dos ríos, praias e sistemas fluviais.
- Reforestación de bosques que sufriron incendios forestais
- Preservación e coidado dos montes.
- Sensibilización e promoción do aforro enerxético e o consumo responsable.
- A reciclaxe de materiais de refugallo.

- A mellora e coidado do patrimonio etnográfico.
- O coñecemento e protección da fauna e flora autóctonas e a preservación da biodiversidade.
- A redución do consumo de plásticos e a súa erradicación dos ecosistemas.
- As accións para mitigar o cambio climático e sensibilizar á sociedade.
- O coñecemento e uso da ciencia para protexer o medio ambiente.

d) Ademais da recuperación do medio ambiente, o obxectivo é chamar a atención sobre a necesidade de protección da natureza, promovendo accións exemplares e a difusión deste obxectivo ao resto da sociedade.

e) Establecerase un programa de actividades en cada centro educativo.

f) Haberá un comité científico, que estará integrado por sete técnicos do mundo da ciencia, a educación e a comunicación. As súas funcións son as seguintes:

- Seleccionar os proxectos admitidos, de acordo co seu nivel técnico.
- Prestar asesoramento técnico a profesorado e alumnado e axudar a levar a cabo os proxectos medioambientais.
- Velar polo rigor, a exhaustividade do programa e a súa responsabilidade medioambiental.
- Visitar os centros educativos participantes durante o curso para ver a evolución de cada actividade e asesorar durante o seu desenvolvemento.
- Avaliar os proxectos a final de curso.
- Seleccionar os centros gañadores.

g) Animarase aos centros a compartir nas redes sociais e nun blogue as súas experiencias ambientais, as medidas adoptadas en defensa dos ecosistemas e tamén para alertar sobre as agresións ambientais.

Ademais, os participantes deberán presentar un informe final dos proxectos que tamén serán avaliados. A entrega dos premios aos mellores proxectos efectuarase nun acto público que terá lugar no mes de xuño de 2026.

i) Ao final os resultados dos proxectos difundiranse a través dos seguintes medios de comunicación: La Voz de Galicia, RadioVoz, www.lavozdegalicia.es, blogs escolares, redes sociais e <http://www.voznatura.com>. Nesa difusión, deberá recollese que estas actuacións están financiadas pola Fundación Alcoa.

Terceira. Compromisos das partes

1. A Fundación

Mediante a sinatura deste convenio, a Fundación comprométese a realizar e financiar as seguintes actuacións:

- Desenvolvemento integral do programa Naturacción dentro do programa Voz Natura nos centros educativos participantes na provincia de Lugo, en particular na área de influencia da comarca da Mariña lucense.
- Desenvolvemento, resolución e entrega dos premios aos mellores proxectos participantes en Voz Natura, incluídos os centros que participan en Naturacción.
- Difusión do programa.
- Asumir os gastos dos centros educativos non dependentes da Consellería para que poidan desenvolver os proxectos.

2. A Consellería

Pola súa parte, a Consellería comprométese a:

- Colaborar na coordinación das accións nos diferentes centros públicos dependentes da Consellería.
- Apoiar economicamente a eses centros dependentes da Consellería para que poidan desenvolver os referidos proxectos.
- Colaborar co comité científico.

Cuarta. Financiamento

O custo total das actividades a desenvolver pola Fundación en execución deste convenio ascende a un total de 30.555,45€, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Consellería, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, colaborará na realización das actuacións previstas na estipulación terceira cunha achega de 23.555,45€, cantidade na que se inclúen todos os impostos, con cargo á partida orzamentaria 07.03.423A.640.2 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.
- A Fundación colaborará cos 7.000,00€ restantes.

As achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes asinantes obteña lucro ningún.

Os gastos que poden imputarse a este convenio son os seguintes:

- Material de promoción actividade Voz Natura para alumnado participante
- Material de oficina, envíos e similares
- Premios Voz Natura e acto de peche do curso
- Asistencia técnico ambiental proxectos
- Gastos de desprazamento a proxectos (colexios)
- Coordinación Voz Natura
- Plan de comunicación Voz Natura.

Quinta. Xustificación e pagamento

As actividades obxecto deste convenio desenvolveranse desde a súa sinatura ata o 30 de xuño do 2026.

Para percibir a cantidade que achega a Consellería, a Fundación presentará por vía electrónica coa data límite do 15 de xullo de 2026, a seguinte documentación xustificativa do custo total das actividades que se van desenvolver pola Fundación ao abeiro deste convenio, por importe de 30.555,45€:

- Dúas copias dunha certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa implantación.
- No caso de gastos de persoal, dúas copias das nóminas, así como a imputación das horas adicadas ao proxecto.
- Dúas copias dun informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio.

Esta presentarse a través do formulario PR004A – Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén un sistema electrónico específico nin un modelo electrónico normalizado, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> e dirixido á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa co asunto “CONVENIO NATURACCIÓN”.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería diminuírase proporcionalmente.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) dependente da Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) dependente do Ministerio de Facenda.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS).

En todo caso, a sinatura deste convenio comportará a autorización á Consellería para solicitar as certificacións que deban emitir a AEAT, a TXSS e a Atriga.

A Fundación facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta. Modificación do convenio



O convenio poderá ser modificado segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico: "Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade e Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."

Sétima. Emprego da lingua galega

A entidade procurará empregar o galego nas comunicacións que estableza coa Consellería e presentará a súa documentación xustificativa en lingua galega. Así mesmo, procurará que este requisito tamén se cumpra nos xustificantes e documentos emitidos por outras entidades que teñan relación co convenio.

Oitava. Rexistro de convenios

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da Fundación á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Novena. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa; tamén se fará mención ao financiamento das actividades por parte da Fundación Alcoa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e deste convenio, así como do financiamento por parte da Fundación Alcoa.



Décima. Vixencia

Este convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 15 de xullo de 2026, aínda que o programa Naturacción remata o día 30 de xuño de 2026, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes, cun mes de antelación polo menos, por incumprimento dos compromisos que nel se recollen.

Décimo primeira. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento composta por parte da Consellería, dúas persoas da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, e dúas persoas representantes da Fundación. Esta comisión estará presidida por unha persoa representante da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución.

Na composición da comisión promoverase a paridade entre mulleres e homes.

Esta comisión reunirse con carácter xeral unha vez ao ano unha vez finalizadas as actuacións previstas na cláusula segunda deste convenio.

Décimo segunda. Causas de resolución

Este convenio resolverase polas seguintes causas:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus puntos.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.
- c) Poderá desistir á vontade da Administración, en aplicación das directrices interpretativas conxuntas da Asesoría Xurídica Xeral e a IXCA da Comunidade Autónoma sobre o goberno en funcións tras a celebración das eleccións.

De se denunciar o convenio, a Consellería pode, de ser o caso, esixir a devolución da cantidade achegada.



Décimo terceira. Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo cuarta. Avaliación de resultados

A Consellería, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, avaliará a realización das actividades recollidas na estipulación segunda do convenio.

Décimo quinta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e por tanto, a recibir notificacións por medios electrónicos son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen a unha persoa interesada que estea obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración e os/as empregados/as das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de persoa empregada pública.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada poderá autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta. Protección de datos

Os datos persoais contidos no conxunto de actuacións ou materiais implicados nas actividades obxecto deste convenio, serán obtidos, custodiados e tratados de acordo con o que determina o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPDP) e o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, en tanto non contradiga o disposto nas normas referidas; así como con aquela outra normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal que sexa de aplicación durante a vixencia deste convenio, e o que determina a Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e demais normativa de aplicación.

As partes obríganse a respectar as normas citadas e a preservar absoluto secreto sobre os datos persoais aos que tivesen acceso no ámbito desta colaboración, mesmo cando esta colaboración extinguiuse, e a adoptar todas as medidas necesarias, idóneas e convenientes, de carácter técnico e organizativo, que garantan a súa seguridade e protección e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

As partes tamén se obrigan a tratar os datos de maneira leal e lícita e a manter a confidencialidade sobre os asuntos dos cales teñan coñecemento por razón deste convenio, e non poden dar difusión sen a autorización expresa e por escrito da outra parte e do titular dos datos, salvo os supostos en que o consentimento non sexa esixible de acordo co que dispón a normativa. A revelación da información confidencial, por parte de calquera das partes, poderá dar lugar ás responsabilidades correspondentes.

As partes autorizan a incorporación aos ficheiros das entidades asinantes do presente documento de todos os datos persoais contidos no mesmo para o exercicio das funcións propias de cada entidade relacionadas co obxecto do presente convenio.

Décimo sétima. Propiedade intelectual de resultados conxuntos

Para o caso de utilizar materiais e/ou documentos básicos elaborados conxuntamente polas partes asinantes, serán de titularidade e uso común, sen

prexuízo dos dereitos de propiedade intelectual que, de ser o caso, os protexan fronte a terceiros.

Décimo oitava. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, con carácter supletorio terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asinan este convenio na data da última sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia, O apoderado da Fundación Santiago
Universidades e Formación Profesional Rey Fernández-Latorre

Román Rodríguez González

Santiago Pérez Otero